

MEMORIA PROXECTO IG240 – CONTIDO PROPOSTO

Este documento é unha guía orientativa do contido que debería ter a memoria da solicitude da axuda á dixitalización.

Podedes estendervos a outros aspectos non mencionados aquí e que vos parezan relevantes para a mellor comprensión do proxecto, pero sen excedervos. Valorarase a claridade, precisión e concisión da descrición.

0.- BREVE PRESENTACIÓN DA EMPRESA

Queremos coñecer a túa empresa, cóntanos algo dela: como xurdiu, socios, traxectoria, actividade, proceso produtivo, produtos, mercados, etc. Brevemente, é só para poñernos en contexto.

Sector: onde desenvolvas a túa actividade. Se es unha enxeñería, ou te dedicas ao mecanizado de pezas, e traballas para as empresas de automoción, por exemplo, ese é o sector no que tes que encadrar a túa actividade. Explica os teus motivos para encadrarte no sector que indicas.

1.- DESCRICIÓN DO PROXECTO

Que queres facer na túa empresa? Que problemas ou necesidades queres abordar? Que factores concretos (condicións de contorno) consideras que debes ter en conta para abordar ese problema? Como o estás facendo agora? (modelo actual de xestión)

(Definición do obxecto do proxecto, proceso/s que se dixitaliza/n ou interconecta/n, identificación da súa posición dentro doutros procesos ou da actividade da/s empresa/s)

Por que queres facer iso? Algo non funciona ben ou queres que funcione mellor? Cales son os teus obxectivos á hora de levar a cabo este proxecto?

Se é un proxecto colectivo, describir o mesmo pero respecto das empresas participantes: quen son (indicar se existe vinculación entre algunhas delas), a que se dedican e que relacións existen entre elas (posición na cadea de valor sectorial), como se xestou a idea de interconectarse, se xurdiu dun obradoiro ou foi espontánea, como vai a operar a interconexión, ata que nivel de comunicación automatizada se van interconectar os procesos entre empresas (intensidade no nivel de interacción).

Describe claramente o problema ou a necesidade que queres abordar, así como os obxectivos; identifica as causas do problema, as consecuencias e as condicións de contorno que inflúen.

2.- DESCRIPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO (ADECUACIÓN DO PROXECTO)

Como escolliches a solución que queres implantar? Cales son os aspectos claves do proxecto? A que ámbitos da empresa afecta? Con que intensidade? Como contribúe ao teu modelo de negocio? Cales son os principais entregables do proxecto?

Como o vas facer (organización e planificación)?

- Cronograma do desenvolvemento, duración e fases da implantación
- Que recursos humanos propios da empresa estarán dedicados ao proxecto? Con que intensidade (horas) ? Que labores van desempeñar?
- Como se vai adaptar a organización ao uso? Hai unha previsión de xestión do cambio?
- Explicación do gasto (viabilidade). Cal é o importe do proxecto? Como se vai financiar?
- Indica cal a correspondencia entre as distintas partidas do proxecto e as accións a desenvolver (non se considerarán subvencionables os gastos cuxa necesidade non estea xustificada aínda que estean incluídos no cuestionario de solicitude). *O obxectivo desta indicación é garantir que cada gasto incluído no orzamento do proxecto estea debidamente apoiado polas accións ou actividades que se realizarán como parte da implementación do proxecto. É dicir, espérase que cada partida orzamentaria estea directamente relacionada cunha acción específica que contribúa ao logro dos obxectivos do proxecto.*
- Como vas financiar a execución e a parte non subvencionada? Con que diñeiro contas? Vaicho prestar un banco? Vas facer unha ampliación de capital? Como calculas o ROI (retorno sobre o investimento)? Xustifica a viabilidade técnica do proxecto (casos de éxito de implantacións similares por parte do provedor, cualificación dos recursos humanos que dedica a empresa,...)

3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA E TIPO DE SOLUCIÓN E MELLORAS ESPERADAS

Onde vai estar a túa empresa despois de ter implantado a solución/tecnoloxía? Cales son as melloras esperadas (indica unha estimación tanto cualitativa como cuantitativa)?

Que razóns che levaron a escoller a solución/tecnoloxía que queres implantar? É unha solución comercializada que van adaptar e parametrizar para a túa empresa ou é un desenvolvemento feito a medida? Que referencias tes desa solución?

Quen vai ser o provedor (ou os provedores, se tes máis de un)? Por que contactaches con ese provedor/es? Ten experiencia co teu negocio? Que experiencia ten o provedor en referencia con esa solución/tecnoloxía?

Explica o grao de madurez da solución (é unha solución comercial con traxectoria consolidada ou é unha implantación a medida?)

Descrición das tecnoloxías específicas empregadas no proxecto e como se consideran avanzadas en comparación coas solucións convencionais.

Cales son os principais compoñentes do sistema? Como interactúan entre eles? A que ámbitos da empresa afectan e con que intensidade?

4.- PROXECTOS COORDINADOS POR UN HUB.

Está o teu proxecto coordinado por un Hub de Innovación Dixital? Por cal? Como os coñeches? Que valor vai achegar ao teu proxecto a participación do Hub?

5.- ADECUACIÓN DOS INVESTIMENTOS E CAPACIDADE ECONÓMICA

Identifica as partidas e desagrega os presupostos.

Achega a información dos presupostos e provedores na folla de cálculo ("cadro resume de ofertas e provedores que poderás descargar do formulario de solicitude:

Concepto	Provedor	NIF Provedor	Data emisión	Data validez	Importe (sen IVE)	Provedor escollido?
Concepto 1	Provedor1		22/02/2022	23/01/2023	120.400,55 €	SI
	Provedor2		24/11/2022	24/01/2023	126.000,00 €	NON
	Provedor3		25/11/2022	25/01/2023	129.780 €	NON
Concepto 2	Provedor1		08/07/2022	31/10/2022	43.697,24 €	SI
	Provedor2		06/09/2022	21/11/2022	50.427,50 €	NON
	Provedor3		05/09/2022	20/11/2022	45.944,00 €	NON
Concepto 3	Provedor1		28/06/2022	31/10/2022	5.231,16 €	SI
	Provedor2		06/09/2022	21/11/2022	4.558,50 €	NON
	Provedor3		05/09/2022	20/11/2022	4.300,80 €	NON
Concepto 4	Provedor1		28/06/2022	31/10/2022	23.326,38 €	SI
	Provedor2		03/11/2022	08/11/2022	25.986,00 €	NON
	Provedor3		07/11/2022	07/12/2022	25.920,00 €	NON

Como coñeches aos provedores aos que lles pediches ofertas? (Directorios, listas de provedores, referencia de colaboradores, busca por web...) Sabes se teñen experiencia coa solución que escolliches ou co teu negocio?

Cal é a ratio entre o investimento e a túa facturación? Como valoras esa ratio no relativo á viabilidade económica?

6. ALCANCE DO PROXECTO (unicamente para proxectos colectivos)

Cantas empresas participan no proxecto colectivo? Describe o nivel de interacción dos procesos entre as empresas participantes. Que procesos serán interconectados entre as empresas participantes? Cal é o nivel de automatización esperado?

7. GRAO ALIÑAMENTO COA RIS3.

Describe como encaixa o teu proxecto cos distintos retos e prioridades da RIS3.

8. PROXECTO EN CONCELLO EMPRENDEDOR

A execución deste proxecto vai supoñer un **nova implantación** da empresa nun concello emprendedor? (Tes unha listaxe en :

<https://economia.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/-/topic/0109/concellos-emprendedores>)

9.- RESUMO DE APLICACIÓN DE CRITERIOS

Para cada un dos criterios de avaliación que aparecen nas bases reguladoras, que elementos deberíamos ter en conta para puntuar o teu proxecto? (non se trata de asignarse unha puntuación, senón de indicar brevemente os méritos do proxecto relacionados con cada criterio). Podes facer un cadro cos criterios e na columna adxacente indicar o apartado/páxina da memoria onde se desenvolve a resposta a ese criterio